



## **CONCELLO DE FRIOL (LUGO)**

### **Memoria Anual dos Servizos Sociais Municipais**

#### **Servizo de Axuda no Fogar (SAF)**

O pasado exercicio 2019, un total de 118 familias foron beneficiarias nos seus propios domicilios deste programa, producíndose 44 incorporacións ó longo do ano. As horas que recibiron as persoas usuarias foron case 30.000, o que supón un aumento de 3.000 respecto a 2019.

A prestación deste servizo está axudicada a unha empresa externa, a cal tivo contratadas a máis de vinte auxiliares, todas elas mulleres. As tarefas que se desenvolven van desde atención persoal (apoio no aseo e baño, mobilización, vestirse- ata a doméstica) limpeza de vivenda, elaboración de comidas, lavado de roupa, ...-.

Na modalidade Dependencia, foron 84 os beneficiarios, persoas que foron recoñecidas co seu grao e o conseguinte dereito a beneficiarse deste servizo municipal.

O resto, 34 persoas, atendidas na modalidade Libre Concorrenca.

Os 118 familias beneficiarias pertencían a 27 das 32 parroquias coas que conta o termo municipal, destacando a de Xiá, con 14, Condes con 12, Carballo con 9, Silvela con 8 cada e a propia capital municipal, neste caso con 10 usuarios.

En canto ó grupo de idades, reflíctese na seguinte táboa

	<b>Dependencia</b>	<b>Libre Concorrenca</b>	<b>Total</b>
Menores de 65 anos	5	3	8
De 65 a 79 anos	12	6	18
De 80 a 89 anos	41	17	58
Máis de 90 anos	26	8	34
Totais	84	34	118

Por sexos, en 82 situacións, unha muller foi a destinataria principal, e en 36 un home. En 24 casos, tratouse de persoas que vivían soas no seu domicilio.

#### **Programa de Información, Orientación e Asesoramento**

De luns a venres, un traballador social atende o público na casa consistorial. Polo departamento pasaron máis de mil persoas.

Das preto de 200 tramitacións realizadas ó longo do ano, destacan 48 solicitudes de valoración da dependencia, 50 solicitudes para distintos programas destinados ás persoas maiores, 19 solicitudes de valoración de discapacidade.

#### **Punto de Atención á Infancia (PAI)**

Este servizo, atendido por dúas profesionais, onde as familias do municipio poden deixar os seus nenos de ata tres anos en horario de 8:00 a 16:00 horas, ofrece un total de 20 prazas, estando cubertas todas elas.